



**ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN OBRA "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO DO PARQUE EMPRESARIAL DE AREAS, TUI", POSTA EN COÑECEMENTO DE INFORME SOBRE OFERTAS EN BAIXA TEMERARIA E PROPOSTA OFERTA MAIS VANTAXOSA.**

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás oito horas e corenta minutos, reúnese na Sala de Concelleiros en acto non público a MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros.

Asistentes:

- Presidente: Carlos Vázquez Padín, Alcalde-presidente.

-Vogais:

Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.

Pilar Fernández Alonso, secretaria do concello.

José Manuel Ferreiroa González, arquitecto técnico municipal.

María Jesús Da Silva Fernández, concelleira de Urbanismo.

Secretario:

José Ángel Fernández Rodríguez, funcionario do concello.

A mesa de contratación celebrada o 30 de outubro de 2017, acordou requirir as empresas que incorren en baixa anormal ou desproporcionada, xustificación da valoración da oferta nos termos do artigo 152.3 do TRLCSP, outorgando ás mesmas o prazo de 1 día hábil para a remisión de tal xustificación. As empresas requiridas son as seguintes:

- Valdonaire Soluciones Técnicas S.L.
- Pool Time, S.L.
- Enerfree, S.L.
- Montajes Xacobeo S.L.
- Mabegal S.L.U.
- Excavaciones y Construcciones Barreiro S.L.
- Globaser Soluciones Integrales S.L.
- S3 Systems & Solutions, S.L.

A empresa Enerfree, S.L., achega con data, documentación para xustificación da oferta económica presentada con data 30/11/2017 e R.E. 2017-E-RE- 116.

A empresa Mabegal S.L.U., achega documentación para xustificación da oferta económica presentada con data 31/10/2017 e R.E. 2017-E-RE-118.

A empresa Pool Time, S.L., achega documentación para xustificación da oferta económica presentada con data 31/10/2017 e R.E. 2017-E-RE-119.

A Empresa Valdonaire Soluciones Técnicas S.L., achega documentación para xustificación da oferta económica presentada con data 02/11/2017 e R.E. 2017-E-RE-120.

Comprobados os requirimentos realizados e a publicación dos mesmos tanto no perfil do contratante coma no taboleiro de edictos do Concello, compróbase que as empresas Excavaciones y Construcciones Barreiro, S.L.; Globaser Soluciones Integrales, S.L. e Montajes Xacobeo, S.L., non achegan documentación xustificativa.

A documentación para a xustificación de todas aquelas empresas que poden incorrer en baixa temeraria foron remitidas con datas 2 e 3 de novembro ao técnico municipal para a súa valoración, o cal mediante informe de data 3/11/2017, expresa o seguinte:

*"JOSÉ MANUEL FERREIROA GONZÁLEZ, arquitecto técnico do Departamento de Urbanismo, a petición do*

Departamento de Contratación, en relación ás xustificacións de baixas desproporcionadas presentadas na licitación das obras de MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO DO PARQUE EMPRESARIAL DE AREAS, TUI convocada polo Concello de Tui, emite o seguinte:  
INFORME TÉCNICO

## 1.- ANTECEDENTES

Figura no expediente electrónico MEMORIA VALORADA da MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO

ALUMEADO DO PARQUE EMPRESARIAL DE AREAS, TUI redactada polo Enxeñeiro Técnico Agrícola do

Concello de 14 de marzo de 2017. Con data 30 de outubro de 2017 constitúese a mesa de contratación das obras de MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO DO PARQUE EMPRESARIAL DE AREAS, TUI para realizar a apertura do sobre nº 2CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA.

Preséntanse un total de 20 empresas.

Despois de proceder á análise das ofertas económicas a Mesa de Contratación ACORDA solicitar al amparo

de lo que cita el artículo 152.3 del TRLCSP, "justificación de la valoración de la oferta y precise las condiciones de la misma, en particular en lo que se refiere al ahorro que permita el procedimiento de ejecución del contrato, a las soluciones técnicas adoptadas y a las condiciones excepcionalmente favorables de que disponga para ejecutar la prestación, la originalidad de las prestaciones propuestas, el respeto de las disposiciones relativas a la protección del empleo y a las condiciones de trabajo vigentes en el lugar en el que se vaya a realizar la prestación, o la posible obtención de una ayuda del Estado" ás empresas:

- VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS, S.L.
- POOL TIME, S.L.
- ENERFREE, S.L.
- MONTAJES XACOBEO S.L.
- MABEGAL S.L.U.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES BARREIRO, S.L.
- GLOBASER SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.
- S3 SYSTEMS & SOLUTIONS, S.L.

Con datas 2 e 3 de novembro de 2017 achegásenme ás xustificacións presentadas

- A empresa ENERFREE, S.L. presenta xustificación da súa oferta económica (RE 2017-E-RE-116 de 30/10/2017).

- A empresa S3 SYSTEMS & SOLUTIONS, S.L. presenta xustificación da súa oferta económica (RE 2017-E-RC-10136 de 31/10/2017 e RE 2017-E-RC-10147 de 02/11/2017).

- A empresa MABEGAL S.L.U. presenta xustificación da súa oferta económica (RE 2017-E-RE-118 de 31/10/2017).

- A empresa POOL TIME, S.L. presenta xustificación da súa oferta económica (RE 2017-E-RE-119 de 31/10/2017).

- A empresa VALDONAIRE SOLUCIONES TECNICAS S.L. presenta xustificación da súa oferta económica (RE 2017-E-RE-120 de 02/11/2017).

## 2.- OBSERVACIÓN NORMATIVAS

Segundo o artigo 21 'Composición de las mesas de contratación' do Real Decreto 817/2009, de 8 de mayo,



por el que se desarrolla parcialmente la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público.

" [...]

2. Las mesas de contratación estarán compuestas por un Presidente, un Secretario y, al menos, cuatro

vocales, todos ellos designados por el órgano de contratación. Entre los vocales deberá figurar obligatoriamente un funcionario de los que tengan encomendado el asesoramiento jurídico del órgano de contratación y un Interventor o, a falta de cualquiera de éstos, quien tenga atribuidas las funciones correspondientes al asesoramiento jurídico o al control económico-presupuestario del órgano.

[...]

5. A las reuniones de la mesa podrán incorporarse los funcionarios o asesores especializados que resulten necesarios, según la naturaleza de los asuntos a tratar, los cuales actuarán con voz pero sin voto.

[...]"

3.- ANÁLISIS DA XUSTIFICACIÓN PRESENTADAS.

3.1.- XUSTIFICACIÓN DE ENERFREE, S.L. (RE 2017-E-RE-116 de 30/10/2017)

Indícase na xustificación que

"[...]

DECLARA:

Que el precio de la oferta se justifica según los documentos adjuntos

- Presupuesto recibido del fabricante de las luminarias por importe 20.517,60€ + IVA

- Presupuesto de la empresa instaladora por importe 2.963€ + IVA

POR LO QUE EL COSTE TOTAL DE MATERIALES E INSTALACIÓN ES DE 23.480,60€. LO QUE NOS DEJA UN BENEFICIO INDUSTRIAL Y GASTOS GENERALES DE 3.938,72€ O LO QUE ES LO MISMO UN

14,21% SOBRE EL PRECIO OFERTADO, MARGEN QUE ENTENDEMOS RAZONABLE PARA EL IMPORTE DE LA LICITACIÓN

[...]"

Con respecto á documentación aportada

- Apórtase presuposto da empresa GENERAL DE CUADROS ELÉCTRICOS S.L. de 03/10/17 a nome de ENERFREE, SL para 103 LUMINARIAS MPG-1N. Descoñece este técnico si este tipo de luminaria é similar á definida na MEMORIA VALORADA.

Indícase no presuposto que a VALIDEZ DA OFERTA é de 30 días o fin de existencias.

- Indícase pola empresa que conta cun marxe de obra de 3.938,72 € para os gastos xerais e o beneficio industrial da obra. Aplicando a porcentaxe establecida na memoria valorada para os gastos xerais (13% sobre a execución material), estes serían de 3.052,48 € quedando 886,24 € para facer fronte ao resto de gastos derivados do contrato.

- Non se aportan prezos descompostos.

Non se valoran expresamente, os gastos derivados do contrato como son:

- Delegado de obra do contratista (técnico titulado con experiencia acreditada en obras de similar natureza).

- A publicación do anuncio de licitación no BOP.

- Os de policía e vixilancia durante o período de garantía (que ademais incrementou na súa proposición en 4 anos)

Resulta de todo o anterior que:

Para cubrir os gastos derivados do contrato indicados anteriormente e os posibles custos indirectos da

execución das obras quédalle ao contratista un importe de 886,24 €. Sempre que se considerase que a

luminaria que figura no presuposto é similar á definida na MEMORIA VALORADA.

3.2.- XUSTIFICACIÓN DE S3 SYSTEMS & SOLUTIONS, S.L. (RE 2017-E-RC-10136 de 31/10/2017 e RE 2017-E-RC-

10147 de 02/11/2017)

Indícase na xustificación que

[...]

## 1.- JUSTIFICACIÓN DE LOS PRECIOS OFERTADOS.

### 1.1.- MATERIALES.

#### 1.1.1.- Compra.

Se adjunta detalles de la compra a realizar en el Anexo I. [...]

[...]

En el Anexo II de este documento se detalla la luminaria que vamos a usar en la realización de la obra. Se puede ver ficha técnica para que de este modo puedan ver que cumplen lo exigido.

[...]

### 1.2. MAQUINARIA.

#### 1.2.1.- Alquiler o contratación.

La empresa S3 Systems & Solutions SL dispone de toda la maquinaria necesaria para la realización del proyecto, por este motivo no es necesario el alquiler ni contratación de ningún maquinaria.

[...]

- MEDIOS PERSONALES QUE ESTARÁN DISPUESTOS POR EL EMPRESARIO PARA LA REALIZACIÓN DEL CONTRATO.

[...]

## ANEXO I

[...]

[\*\* Figura presuposto da empresa ELEKO GALICIA S.L. de 11 de outubro de 2017 a nome de S3 SYSTEMS&SOLUTIONS SL para 103 LUMINARIAS NAVIA G 69W \*\*]

[...]

## ANEXO III

### OFERTA DETALLADA

[\*\* Figura JUSTIFICACIÓN DE PREZOS

Non se xustifica o prezo da plataforma elevadora con cesta Indícase que a cantidade prevista para os gastos xerais e o beneficio industrial é de 4.958,68 €\*\*]

[...]"

Con respecto á documentación aportada

- Apórtase presuposto para 103 LUMINARIAS NAVIA G 69W. Descoñece este técnico si este tipo de luminaria

é similar á definida na MEMORIA VALORADA.

Indícase no presuposto que a VALIDEZ DA OFERTA é de UN MES.

- Indícase pola empresa que conta cun marxe de obra de 4.958,68 € para os gastos xerais e o beneficio industrial da obra. Aplicando a porcentaxe establecida na memoria valorada para os gastos xerais (13% sobre a execución material), estes serían de 3.223,14 € quedando 1.735,54 € para facer fronte ao resto de gastos derivados do contrato.

Non se valoran expresamente, os gastos derivados do contrato como son:

- Delegado de obra do contratista (técnico titulado con experiencia acreditada en obras de similar natureza).

- A publicación do anuncio de licitación no BOP.

- Os de policía e vixilancia durante o período de garantía (que ademais incrementou na súa proposición en 4 anos)

Resulta de todo o anterior que:

Para cubrir os gastos derivados do contrato indicados anteriormente quedalle ao contratista un importe de 1.735,54 €. Sempre que se considerase que a luminaria que figura no presuposto é similar á definida na MEMORIA VALORADA.

### 3.3.- XUSTIFICACIÓN DE MABEGAL S.L.U. (RE 2017-E-RE-118 de 31/10/2017)

Indícase na xustificación que

" [...]

#### 1. CERTIFICACIÓN DE PROVEDOR

[...]



*D. Alfonso Gago Bohórquez, como representante legal de la Empresa Fundación por la Solidaridad Tecnológica (SOLITEC)*

**DECLARA:**

*Que se compromete al suministro inmediato de 103 Uds Luminaria NAVIA G 69W [...] al precio de 170€/Ud*

*[...]*

**CARTA COMPROMISO DE SUBCONTRATA**

*[...] de la empresa INGENIERIA DE TECNOLOGIAS DE OROSO S.L.[...]*

*[...]"*

*Con respecto á documentación aportada*

*- Apórtase COMPROMISO de subministro a MABEGAL SLU da empresa SOLITEC para 103 LUMINARIAS NAVIA G 69W ao prezo de 170 €/Ud. Descoñece este técnico si este tipo de luminaria é similar á definida na MEMORIA VALORADA.*

*-Apórtase CARTA COMPROMISO DE SUBCONTRATA da empresa INGENIERIA DE TECNOLOGIAS DE OROSO S.L.*

*Non se indica presuposto.*

*- Non se aportan prezos descompostos. Non se indican os gastos xerais nin o beneficio industrial.*

*Non se valoran expresamente, os gastos derivados do contrato como son:*

*- Delegado de obra do contratista (técnico titulado con experiencia acreditada en obras de similar natureza).*

*- A publicación do anuncio de licitación no BOP.*

*- Os de policía e vixilancia durante o período de garantía (que ademais incrementou na súa proposición en 4 anos)*

*Resulta de todo o anterior que*

*Só se aporta o prezo de LUMINARIAS NAVIA G 69W e compromiso de subministro. Descoñece este técnico si este tipo de luminaria é similar á definida na MEMORIA VALORADA.*

*Non se aportan ningunha xustificación dos prezos para o resto de conceptos que comprende a obra.*

### **3.4.- XUSTIFICACIÓN DE POOL TIME, S.L. (RE 2017-E-RE-119 de 31/10/2017).**

*Indícase na xustificación que*

*" [...]*

**JUSTIFICACIÓN BAJA TEMERARIA:**

**PRECIOS UNITARIOS:**

*[...]*

*La luminaria que ofrecemos no es de la misma marca que la del proyecto, nosotros ofrecemos la luminaria de similares características AOK-80WiL, del fabricante AOK LED light Co., Ltd. Adjuntamos oferta económica del proveedor, justificativa del precio unitario que ofrecemos.*

*[...]"*

*Con respecto á documentación aportada*

*- Apórtase oferta en inglés de AOK para LUMINARIAS AOK-80WiL ao prezo de US\$159,648. Descoñece este técnico si este tipo de luminaria é similar á definida na MEMORIA VALORADA.*

*- Apórtanse prezos descompostos. Indícanse uns gastos xerais do 13% e un beneficio industrial do 6%.*

*Non se valoran expresamente, os gastos derivados do contrato como son*

*- Delegado de obra do contratista (técnico titulado con experiencia acreditada en obras de similar natureza).*

*- A publicación do anuncio de licitación no BOP.*

*- Os de policía e vixilancia durante o período de garantía (que ademais incrementou na súa proposición en 4 anos)*

*Resulta de todo o anterior que:*

*Apórtase oferta en inglés de AOK para LUMINARIAS AOK-80WiL. Descoñece este técnico si este tipo de luminaria é similar á definida na MEMORIA VALORADA.*

*Apórtanse prezos descompostos. Indícanse uns gastos xerais do 13% e un beneficio industrial do 6%.*

*Para cubrir os gastos derivados do contrato indicados anteriormente quedalle ao contratista un importe de 1.329,18 €.*

*3.5.-XUSTIFICACIÓN DE VALDONAIRE SOLUCIONES TECNICAS S.L. (RE 2017-E-RE-120 de 02/11/2017) Indícase na xustificación que*

*" [...]*

*DECLARA BAJO SU RESPONSABILIDAD*

*[...]*

*Se incluye justificación de precios en el ANEXO I y ofertas económicas junto con la Carta de Compromiso de Suministro de la empresa fabricante en el Anexo II*

*[...]"*

*Con respecto á documentación aportada*

*- Apórtase presuposto da empresa TENENTE, SL de 30 de outubro de 2017 a nome de VALDONAIRE SOLUCIONES TECNICAS S.L. para a instalación de 103 luminarias. Indícase que a oferta e válida por 1 mes.*

*- Apórtase presuposto da empresa INELCOM, SA de 5 de outubro de 2017 a nome de VALDONAIRE SOLUCIONES TECNICAS S.L. para a subministro de 103 luminarias modelo ILUZCLAS-70W. Descoñece este técnico si este tipo de luminaria é similar á definida na MEMORIA VALORADA. Indícase que a oferta e válida por 1 mes. Apórtase ase mesmo CARTA DE COMPROMISO da citada empresa para dito subministro.*

*- Non se aportan prezos descompostos. Indícanse uns gastos xerais do 13% e un beneficio industrial do 6%.*

*Non se valoran expresamente, os gastos derivados do contrato como son*

*- Delegado de obra do contratista (técnico titulado con experiencia acreditada en obras de similar natureza).*

*- A publicación do anuncio de licitación no BOP.*

*- Os de policía e vixilancia durante o período de garantía (que ademais incrementou na súa proposición en 4 anos)*

*Resulta de todo o anterior que:*

*Para cubrir os gastos derivados do contrato indicados anteriormente e os posibles custos indirectos da execución das obras quedalle ao contratista un importe de 1.507,56 €. Sempre que se considerase que a luminaria que figura no presuposto é similar á definida na MEMORIA VALORADA".*

Unha vez examinada polos membros da Mesa, a documentación achegada polas empresas incursas en presunta baixa temeraria, e unha vez lido o informe técnico anteriormente transcrito, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade o seguinte:

1º.-Excluír as seguintes empresas requiridas para determinar se a oferta presentada incorría en baixa temeraria e podía ser considerada en baixa anormal ou desproporcionada de conformidade co artigo 152.3 do TRLCSP, e que non aportaron ningunha documentación xustificativa da valoración da oferta no prazo concedido:

\*-Montajes Xacobeo, S.L.

\*-Excavaciones y Construcciones Barreiro, S.L.

\*-Globaser Soluciones Integrales, S.L.

2º.-Excluír as seguintes empresas por considerar que está incurso en baixa temeraria ao non xustificar a valoración da oferta, de conformidade co disposto no artigo 152.3 do TRLCSP:

\*-Mabegal ,S.L.U: Non xustifica a baixa no prezo da oferta; non desglosa nin presenta prezos descompostos. Soamente achega carta de compromiso de provedores e compromiso de subcontratación.





3º. Excluir as seguintes empresas polos motivos que se expoñen a continuación:

\*-Pool Time, S.L.: O tipo de luminaria a instalar non se considera equivalente coa determinada no proxecto (menor fluxo luminoso e distinta potencia luminosa)..

\*-Enerfree, S.L.: O tipo de luminaria a instalar non se considera equivalente coa determinada no proxecto (menor fluxo luminoso e distinta potencia luminosa).

4º.-Admitir definitivamente ao resto das empresas presentadas á licitación:

<b>EMPRESAS</b>
Zona de Obra O Rosal, S.L.U,
Servicios Eléctricos Abelmar, s.l.
Industrial Eléctrica de Galicia s.l.
Juan R. Font, s.l.
Electricidad IN.M.A.C. Condado s.l.
Valdonaire Soluciones Técnicas s.l.
Microled La Mancha s.l.
Construcciones Seovi s.l.
New Energy Concept 2020 S.L.
Aopil, s.l. Montajes Eléctricos Construcción
Imesapi, S.L
Airis Technology Solutions, s.l.
S3 Systems & Solutions, s.l.

5º.-Valorar as ofertas admitidas á licitación coas seguintes puntuación:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	INCREMENTO GARANTÍA	TOTAL
Zona de Obra O Rosal S.LU	42.990,39€ (26,51 puntos)	0,00 puntos	20,00 puntos	46,51 puntos
Servizos Eléctricos Abeldar, S.L.	40.909,35€ (32,20 puntos)	30,00 puntos	20,00 puntos	82,20 puntos
Industrial Electrica de Galicia, S.L.	41.263,00€ (29,58 puntos)	30,00 puntos	20,00 puntos	79,58 puntos
Juan R. Font	46.659,00€ (20,00 puntos)	0,00 puntos	5,00 puntos	25,00 puntos
Electricidad IN.M.A.C Condado S.L.	45.385,12€ (22,27 puntos)	0,00 puntos	20,00 puntos	42,27 puntos
Valdonaire Soluciones Tecnicas, S.L.	29.900,00€ (49,73 puntos)	30,00 puntos	20,00 puntos	99,73 puntos
Microled La Mancha, S.L.	32.534,35€ (45,06 puntos)	30,00 puntos	20,00 puntos	95,06 puntos
Construcciones SEOVI, S.L.	48.800,00€ (16,21 puntos)	15,00 puntos	20,00 puntos	51,21 puntos
New Energy Concept 2020 S.L.	37.000,23€ (37,14 puntos)	30,00 puntos	20,00 puntos	97,14 puntos

Aopil, s.l.	42.306,71€ (27,72 puntos)	30,00 puntos	20,00 puntos	77,72 puntos
Imesapi, S.L	38.848,94€ (33,86 puntos)	30,00 puntos	20,00 puntos	83,86 puntos
Airis Technology Solutions, s.l.	33.652,73€ (43,08 puntos)	30,00 puntos	20,00 puntos	93,08 puntos
S3 Systems & Solutions, s.l.	29.752,00€ (50,00 puntos)	30,00 puntos	20,00 puntos	100,00 puntos

6º.-Clasificar do seguinte xeito as proposicións presentadas, dacordo coa suma total das valoracións dos criterios recollidos no sobre b) da que resulta a seguinte puntuación total:

EMPRESA	TOTAL
S3 Systems & Solutions, s.l.	100,00
Valdonaire Soluciones Tecnicas, S.L.	99,73
New Energy Concept 2020 S.L.	97,14
Microled La Mancha, S.L.	95,06
Airis Technology Solutions, s.l.	93,08
Imesapi, S.L	83,86
Servizos Eléctricos Abeldar, S.L.	82,20
Industrial Electrica de Galicia, S.L.	79,58
Aopil, s.l.	77,72
Construcciones SEOVI, S.L.	51,21
Zona de Obra O Rosal, SLU	46,51
Electricidad IN.M.A.C Condado S.L.	42,27
Juan R. Font	25,00

7º.- Á vista das puntuacións obtidas polos licitadores, a Mesa de Contratación, propón á empresa "S3 SYSTEMS & SOLUTIONS, SL.", NIF nº B-70.373.998, como oferta económica máis vantaxosa, con enderezo en Polig. Industrial Curtis Teixeira, Rúa Aranga, Parc. D-41, cp 15310 Teixeira-Curtis, o que se eleva ao órgano de contratación."

De seguido e sendo as nove horas e quince minutos, se estende a presente acta, do que eu secretario da mesa de contratación, dou fe.

O Secretario da Mesa de Contratación.

Documento asinado dixitalmente á marxe.